

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 MARZO DE 2024

Ás 10:30 horas do día 11 de marzo de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 6 de marzo de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

- D. Fernando González Abeijón, representante do PP
- D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
- D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
- D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
- D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
- D^a. María Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste ao punto 1a)
- D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 5a e 6a)
- D. Antonio Vivero Mijares, xefe da Área de Seguridade e Mobilidade (asiste aos puntos 9a e 10a)
- D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Dar conta da resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3884-321)

Dáse conta da resolución nº 39/2024, do 1 de marzo de 2024, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se desestima o recurso interposto por CONTACTNOVA, S.L. contra a adxudicación deste procedemento.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 8 de marzo de 2024.



5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo (258007-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola diplomada en traballo social e a xefa do Servizo de Benestar Social o 6 de marzo de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliábel mediante xuízo de valor" e o informe asinado pola diplomada en traballo social e a xefa do Servizo de Benestar Social o 11 de marzo de 2024 que corrixe o anterior debido á existencia dun erro numérico neste. O informe corrixido é aceptado por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliáveis mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo (258007-301)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábel mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario do apartado 3G da FEC	Incremento do servizo de teleasistencia mediante liña telefónica móbil	Instalación de sensores e detectores no fogar de presenza, de gas e monóxido de carbono, de fume, de inundación e de apertura de portas
1	CLECE, S.A.	3,34 %	SI - 25%	SI
2	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U.	17,95 %	SI - 25%	SI

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste como público á apertura:

1. D^a. Carmen Fernández Moyano, en representación de QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U.
2. D^a. Raquel Díez Nogueira, en representación de CLECE, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 22:28	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA44D-CBBE46-8D4B39-CPXS2L-7SEA77-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade o 5 de marzo de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes. Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	Puntuación Global
1	API MOVILIDAD, S.A.	95,23
2	ACEINSA MOVILIDAD ,S.A.	83,65
3	SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	81,24
4	TEVASEÑAL, S.A.	74,34
5	DIEZ Y COMPAÑIA, S.A.	69,27
6	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	59,32
7	PROSEÑAL, S.L.U.	53,78

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 22:28	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA44D-CBBE46-8D4B39-CPXS2L-7SEA77-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente. ""

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. en 22 de febreiro de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social. Figura, asemade, no expediente, informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 7 de marzo de 2024 no que indica que "Revisada a documentación presentada que consta no expediente 10161-113, infórmase o seguinte: En relación á titulación da/do delegado de protección de datos, queda debidamente acreditada coa presentación de título universitario da Universidade de Oviedo Título Universitario oficial de "Licenciada en Dereito " (2011) e a certificación CERPER de Delegado de Protección de Datos ."

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 22:28	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA44D-CBBE46-8D4B39-CPXS2L-7SEA77-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación dos Servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/07/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/07/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 03/08/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 09/08/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria xustificativa do contrato de data 20/09/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 21/09/2023, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 21/09/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 30.000,00 €, que inclúe un IVE de 5.206,61 €, dende o 15 de decembro de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2024	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.227060 3	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,0 0 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 16 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 16 de febreiro de 2024 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P. neste procedemento.

Segundo.- Excluir deste procedemento a SEGURDADES, S.L., por non ter presentado xustificación ningunha en prazo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 22:28	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA44D-CBBE46-8D4B39-CPXS2L-7SEA77-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	91.39
2	UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P.	88.00
3	TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L.	82.07
4	OBJETIVO TARSYS, S.L.	74.58

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que no apartado 5C das FEC (Anexo I do PCAP) para a acreditación da solvencia técnica, ademais do establecido na cláusula 8.8.3º establécese que é necesario:*
 - *Estar en posesión da certificación NIVEL MEDIO ou SUPERIOR do ENS segundo o sinalado no artigo 2.3 do ENS (Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade) e nas instrucións Técnicas de Seguridade.*
 - *Asemade, lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., o día 22 de febreiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 6 de marzo de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da empresa, o obxecto social, o apoderamento da representante e as contas do ano 2020.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (69.421,49 €), presentan a inscrición no ROLECE no que figuran as contas do ano 2020 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 22:28	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA44D-CBBE46-8D4B39-CPXS2L-7SEA77-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (21.000,00 €), presentan certificados de boa execución nos que o importe do ano 2022 supera esta cantidade.
- Aval por un importe cada un de 1.099,83 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 11 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 de xaneiro de 2024 e 9 de febreiro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 22:28	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA44D-CBBE46-8D4B39-CPXS2L-7SEA77-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. "Tomar razón da exclusión, acordada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), de SEGURDADES, S.L., por non ter presentado xustificación da súa oferta incurso en baixa anormal, en prazo.
 2. Adxudicar a TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113) coas seguintes condicións:
 - a) O prezo total do contrato é de 26.616,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.619,31 euros.
 - b) Propón unha porcentaxe de desconto do 22,56 % a aplicar aos prezos unitarios da parte variable recollidos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.
 - c) Propón a seguinte formación:
 - 10 sesións de formación con carácter anual e de forma gratuíta para o Concello, dunha hora cada unha delas, en materia de protección de datos.
 - 2 cursos para cargar na plataforma on line de formación do Concello cos requisitos previstos no apartado 7.B.2.b do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 22:28	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA44D-CBBE46-8D4B39-CPXS2L-7SEA77-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		